



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

**15.- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 1471/1102.**

Dáse conta da proposta de data 11/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación tralas eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Real Decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (BOE do 24 de abril de 2006), establece en su artículo 14, punto 5.d) referido a composición dos Consellos Territoriais da Propiedad Inmobiliaria que formará parte dos mesmos como vogal, un representante do Concello de VIGO no Consello Territorial da propiedade Inmobiliaria de Pontevedra.

E por isto que somete a consideración da Xunta de Goberno Local conforme o art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** Nomear representantes do Concello de Vigo no Consello Territorial da propiedade Inmobiliaria de Pontevedra ao concelleiro de Área de Goberno de orzamentos e Facenda, D. Jaime Aneiros Pereira e como suplente, a Xefa da Inspección de Tributos, Dna. M.<sup>a</sup> del Carmen Pazos Area.

**Segundo -** Comunicar este acordo á Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/08/2023 09:42	Páxina 1 de 2
1471-1102	CSV: A8A635-A9BA5F-8CEF3E-FJCUB9-7R3LUF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Terceiro.-** O presente acordo publicarase na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Cuarto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/08/2023 09:42	Páxina 2 de 2
1471-1102	CSV: A8A635-A9BA5F-8CEF3E-FJCUB9-7R3LUF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		